



## Letras Galegas 2023

---

Francisco Fernández del Riego

As cousas de don Paco  
teñen moita historia






**Leica** é o nome da cámara coa que don Paco inmortalizou moreas de momentos da súa vida. Sinala cal é a súa orixe.

- Leica é o nome dunha marca de leite
- Leica é o nome da trovadora máis coñecida na ría de Vigo durante o século XII
- Leica é o nome da cadela que tripulou en 1957 o satélite Sputnik II. Converteuse así no primeiro ser vivo da Terra en facer unha viaxe espacial.
- Chámase Leica porque ese é o nome dunha compañía alemá que ten moita zona pola calidade dos instrumentos ópticos que fabrica, entre eles as lentes das cámaras de fotos.



Coñeces Lourenzá, a terra natal de don Paco? Descubrídea ordenando as palabras arredor da imaxe e que faltan nesta liñas do libro que lle dedicou.

“¿Que é Vilanova de Lourenzá? Para o \_\_\_\_\_ superficial, unha serie de visións \_\_\_\_\_ que non lle resulta doado \_\_\_\_\_ noutras partes. Para o \_\_\_\_\_ romántico, un lugar no que se pode, sen esforzo, \_\_\_\_\_ . Para o amante da historia e da arte, un lugar no que a pedra é unha voz que fala ó espírito. Vilanova \_\_\_\_\_ conserva un acento artístico que perdura con vivencia \_\_\_\_\_”.



**Guadalupa** tiña como misión permitirlle a don Paco ler cando xa apenas lle quedaba vista. Adiviñas coas festas de que coñecida localidade costeira galega garda relación o seu nome?

- As de San Lucas de Mondoñedo
- As de Rianxo
- As festas da carballeira de Zas



**Donlapis** é un lapis clásico, de madeira e cunha mina de grafito. Ata cando se remontan as súas raíces na historia?

- O primeiro lapis de madeira deseñouno a enxeñeira francesa Marie Graphite, nada no ano 1970. O invento converteuna na persoa máis nova en recibir o premio Nobel con tan só 25 anos de idade.
- O primeiro lapis de madeira foi un invento dun carpinteiro que viviu en Inglaterra no século XVII.
- O primeiro lapis de madeira foi unha idea dun carpinteiro do século XVII que traballaba no concello ourensán de Chandrexa de Queixa.



Xa sabes que **Oliva** é unha máquina de escribir moi eficaz. Adiviñas de quen herdou o seu nome?

- Da compañía italiana Olivetti, fundada no ano 1908 como fábrica de máquinas de escribir.
- En realidade chámase así porque antes de destinxir con paso do tempo era de cor verde oliva
- De Olivia de Havilland, unha estrela do cine de Hollywood dos anos 40 do século pasado



**Baldomero** é un reloxo. A súa función é que controlemos ben o tempo, pero ás veces temos pouco e vémonos na obriga de facer as cousas...

- Reloxeando, é dicir, apurando moito.
- Contrareloxo, é dicir, con moita presa e co tempo medido
- Sen reloxo, é dicir sen importarnos canto tempo nos esixirán esas tarefas